

XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE ESTUDIOS  
HISTÓRICOS DE GALICIA

REUNIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2007

Na cidade da Coruña e sé da *Biblioteca Municipal de Estudos Locais*, previa convocatoria circulada hai días, reuniuse a Xunta Directiva da *Asociación Cultural de Estudos Históricos de Galicia* coa presidencia de José Luís López Sangil e a asistencia dos vocais e socios Carlos Fernández Fernández, Ana Fernández Matarán, Amparo Hernández Segura, Eduardo Pardo de Guevara, Manuel Vidán Torreira, Benito Figueroa Aldariz, tesoureiro, Jesús Ángel Sánchez García, vicesecretario, e eu mesmo Javier López Vallo, secretario.

Sendo as vinte horas trinta minutos, o presidente deu por aberta a sesión e comezáronse a tratar os puntos da orde do día.

*1.- Informe do presidente.*

O presidente deu conta polo miúdo das xestións levadas adiante pola Xunta Directiva desde a última reunión.

Así mesmo, lembrou a celebración do *Congreso Internacional sobre San Rosendo e o seu tempo*, a desenvolver entre o 26 e o 30 deste mes en Mondoñedo, San Tirso (Portugal) e Celanova.

*2.- Estado de contas. Domiciliación de recibos. Seguimento do pago de cotas do ano 2007.*

O tesoureiro informou do saldo actual que presentan as contas desta Asociación e lembrou que tan so hai 22 domiciliacións entregadas. Asemade, sinalou que faltan por pagar as cotas de un ou mais anos por parte de dez socios.

*3.- Reparto de Nalgures nº 2.*

Unha vez feita a presentación deste número de *Nalgures na Aula de Cultura da Fundación Caixa Galicia*, tan so resta o reparto da revista, que farase en man para os socios e institucións con domicilio na Coruña, e por correo para os restantes.

Informou o presidente que está totalmente liquidada a factura correspondente á impresión deste número que correu a cargo da empresa LUGAMI de Betanzos.

#### *4.- Xestións para edición e impresión do número tres de Nalgures.*

O mesmo presidente indicou que para a publicación do terceiro número da revista recibíronse colaboracións de Juan José Burgoa Fernández, Santiago Daviña Sáinz, Consuelo Mariño Bobillo, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Carlos Pereira Martínez, Segundo Pérez López, María de la O Suárez Rodríguez, Rafael Tobío Cendón, y Manuel Vidán Torreira.

#### *5.- Programación de vindeiras excursións.*

Acordouse visitar o sábado 23 de xuño as igrexas de San Tirso de Oseiro, San Tomé de Monteagudo e San Vicenzo de Elviña, todas románicas e no entorno da Coruña, con comida en Casa Bibiana en Vinxeira Grande, na parroquia de Santa María de Celas do Concello de Culleredo. Así mesmo, dada a proximidade, poderase visitar o torreón de Celas de Peiro.

Para a primeira semana do mes de xullo prográmase unha excursión a Camelle e Cabo Vilán. A data e hora definitiva comunicarase por correo electrónico e anunciarase na páxina web da *Asociación*.

#### *6.- Programación de conferencias.*

En atención ás datas de verán que se aveciñan, acordouse deixar este punto para debater en futuras reunións.

#### *7.- Situación das subvencións.*

Deu conta o presidente da subvención que nos concedeu a Excm. Deputación Provincial da Coruña correspondente ao ano 2006.

Indicou o mesmo presidente que se solicitará unha nova subvención á mesma Deputación para continuar con impresión de novos números da nosa revista.

#### *8.- Novos asociados.*

Tamén o presidente presentou e a Xunta Directiva deu a benvida aos seguintes novos socios:

Alfonso García López.

César Gómez Buxán.

José Luis Pardo Caeiro,

*9.- Entrega de diploma a Socio de Honra.*

Acordouse entregar o diploma de Socio de Honra a Eduardo Pardo de Guevara y Valdes nunha data que se fixará de común acordo. Estando presente este socio, agradeceu a distinción e animou aos membros da Asociación para proseguir coa labor que se realiza.

*10.- Reorganización de funcións da Xunta Directiva.*

O presidente indicou que as múltiples xestións que teñen que desenvolverse para impulsar as actividades desta Asociación recaen fundamentalmente sobre el, e encareceu a colaboración dos demais membros da Xunta Directiva e socios.

*11.- Rogos e preguntas.*

Ninguén fixo uso deste punto, polo cal, sendo as vinte dúas horas e dez minutos, o presidente levantou a sesión, de todo o cal eu secretario, certifico.

José Luis López Sangil, presidente

Javier López Vallo, secretario